

ANEXO VIII

BASE DE DATOS DAS EXPLOTACIÓNS DO PROGRAMA DE XESTIÓN ZOOTÉCNICA OU DE PLANIFICACIÓN ZOOSANITARIA

Nome do campo	Tipo de datos	Tamaño do campo
1 AGRUPACIÓN	Texto	40
2 CIF AGRUPACIÓN	Texto	10
3 APELIDOS	Texto	40
4 NOME	Texto	20
5 DNI	Numérico	Dobre
6 LETRA NIF	Texto	1
7 CEA	Numérico	Dobre
8 LUGAR	Texto	30
9 PARROQUIA	Texto	30
10 CONCELLO	Texto	30
11 PROVINCIA	Numérico	Dobre
12 TELÉFONO	Texto	10
13 Nº REPRODUTORAS	Numérico	Dobre
14 Nº CEBO	Numérico	Dobre
15 ORIEN. PRODUCTIVA	Texto	1
16 CONTROL REPRODUC	Si/Non	1
17 CONTROL LEITEIRO	Si/Non	1
18 ALIMENTACIÓN	Si/Non	1
19 PODOLOXÍA	Si/Non	1

I. Descrición dos campos

- 1.- AGRUPACIÓN: nome completo da agrupación
- 2.- CIF AGRUPACIÓN: CIF da agrupación
- 3.- APELIDOS: apelidos do socio
- 4.- NOME: nome do socio
- 5.- DNI: número do DNI
- 6.- LETRA NIF: letra do NIF
- 7.- CEA: código de explotación agraria ou número de rexistro en caso de non posuír CEA
- 8.- LUGAR: lugar onde está situada a explotación
- 9.- PARROQUIA: parroquia onde está situada a explotación
- 10.- CONCELLO: concello onde está situada a explotación
- 11.- PROVINCIA: A Coruña (15), Lugo (27), Ourense (32) e Pontevedra (36)
- 12.- TELÉFONO: teléfono
- 13.- Nº REPRODUTORAS: nº de reproductoras, poñedoras, colmeas... da explotación. No caso de programas zoosanitarios referiranse en UGM
- 14.- Nº CEBO: nº animais de cebo. No caso de programas zoosanitarios referiranse en UGM
- 15.- ORIEN. PRODUCTIVA: orientación productiva da explotación, (C) carne, (L) leite, (M) mel, (O) ovos
- 16.- CONTROL REPRODU: se a explotación está incluída no programa de control de reprodución
- 17.- CONTROL LEITEIRO: se a explotación está incluída en control leiteiro
- 18.- ALIMENTACIÓN: se a explotación está incluída no programa de alimentación
- 19.- PODOLOXÍA: se a explotación está incluída no programa de podoloxía

ANEXO IX

D./Dña. _____, en nome propio ou en representación da entidade _____ con DNI ou CIF da entidade _____ e enderezo en _____

AUTORIZO:

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información, propia ou da entidade _____, a que se refire o artigo 78.4º) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200__

Asdo.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Corrección de erros.-Orde do 14 de decembro de 2004 pola que se establece o prazo para presentación de solicitudes de axudas a investimentos no ámbito da acuicultura para o exercicio 2005 e se particulariza o seu importe global máximo, tramitada como expediente anticipado de gasto.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 246, do 21 de decembro de 2004, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 17.759, o texto do artigo 1º debe substituírse polo seguinte:

«O prazo de presentación de solicitudes de axuda fixado no artigo 15 da Orde do 26 de xullo de 2000, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas a investimentos no ámbito da acuicultura (DOG nº 150, do 3 de agosto), modificada polas ordes do 1 de decembro de 2000 (DOG nº 49, do 9 de marzo de 2001) e do 26 de novembro de 2002 (DOG nº 231, do 29 de novembro), para o exercicio orzamentario 2005, estendérase ata o 31 de xaneiro de 2005, incluído».

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Orde do 27 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas experimentais en materia de emprego.

No Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, establece o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, asumíndose as funcións e os servizos transferidos mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro.

As directices de emprego da Unión Europea, e Plans Nacionais de Acción para o Emprego recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade de inserción laboral dos desempregados a través da información, a formación, a orientación profesional e a práctica laboral.

Con este obxectivo, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, vén articular programas experimentais de emprego, dirixidos a explorar novas alternativas de inserción laboral cos

demandantes que se atopan con especiais dificultades de acceso ao emprego.

Na Orde TAS 2643/2003, do 18 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a posta en práctica de programas experimentais en materia de emprego, establécese na disposición adicional que «As Comunidades Autónomas que asuman o traspaso da xestión realizada polo Inem no ámbito do traballo, o emprego e a formación, exercerán as funcións que a presente orde atribúe a aquel, e que lles correspondan segundo o disposto nos reais decretos de traspaso....».

O Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio das competencias, entre outras, en materia de formación ocupacional e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

En virtude do exposto, e co fin de aumentar as posibilidades de inserción laboral en Galicia, iníciase unha nova vía de colaboración, dirixida á inserción laboral de demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, marcando obxectivos cuantificados e responsabilizando dos mesmos a entidades sen fin de lucro mediante a concesión de subvencións dirixidas á posta en marcha de programas experimentais.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, que a modifica, establece no seu artigo 3.3º que poderán tramitarse, no exercicio inmediatamente anterior ao que se vaian imputar os correspondentes gastos, os expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas e subvencións derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente dos fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea, ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela, e que existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das medidas citadas.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 16.03.241A.482.0 e 16.03.241A.460.0, que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, aprobado por acordo do Consello da Xunta do 14 de outubro de 2004.

Consultado o Consello Galego de Reaccións Laborais, e recabados os informes preceptivos na tramitación, a proposta da Dirección Xeral de Formación e Colocación e en uso das facultades que me son conferidas de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983,